

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de marzo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

## **Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 47163 (10/CPC-000100)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, por petición propia, para facer un balance sobre as medidas do sistema integrado de atención á cidadanía

## **Punto 2. Preguntas**

- 2.1 42402 (10/POC-006633)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a valoración da multa da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) a once empresas do sector da informática por actuar como un cártel na subministración de servizos ás administracións e os contratos, concepto e cantidades que a Xunta de Galicia puidera ter asinado con elas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019*
- 2.2 44678 (10/POC-007148)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis  
Sobre as canles empregadas pola consellaría competente na materia para dar a coñecer, para explicar e para divulgar entre os empregados e políticos dos concellos galegos o disposto no artigo 5 da Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 428, do 07.02.2019*
- 2.3 45603 (10/POC-007284)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da efectividade dos dispositivos de control telemático e do teléfono de atención ás vítimas 016 na loita contra o maltrato, a súa posibilidade de mellora e o incremento



previsto nos Orzamentos do Estado do ano 2019 para este fin  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*

- 2.4 45633 (10/POC-007290)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a axenda e as prioridades do Goberno galego para a negociación da transferencia de competencias, así como as demandas realizadas ao Goberno central ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.5 45982 (10/POC-007338)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen  
Sobre os datos referidos á viaxe institucional do presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América, prevista inicialmente entre o 4 e o 9 de febreiro de 2019, así como ao adianto do seu regreso e ao cumprimento dos seus obxectivos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

César Manuel Fernández Gil  
Presidente da Comisión



Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 06/03/2019 17:13:35



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL SAÍDA**  
Data asento: 06/03/2019 17:21:27  
**Nº Rexistro: 14428**  
Data envío: 06/03/2019 17:21:27.602

CSV: mifGRtB08  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

